

## RESUMO PDA DE 1º BACHARELATO, LINGUA GALEGA E LITERATURA CURSO 2022 - 2023

### 1. MATERIAL:

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro (pantalla dixital, canon, computador fixo, computadores portátiles, conexión a internet, encerado dixital e impresora 3D).

A biblioteca ofrece, ademais de obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. (computadores, impresoras, mesas e cadeiras apropiadas...)

Tamén se deben contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, muletas etc.)

Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

Outros recursos didácticos:

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/dicionario/>
- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>
- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- Dicionario visual interactivo: [www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html](http://www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html)
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>
- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>
- Libro de texto: Lingua Galega e Literatura de 1º Bacharelato. Editorial Anaya.

## 2. TEMPORALIZACIÓN

Os contidos están repartidos en 9 unidades didácticas que se verán do seguinte xeito:

### -1ª AVALIACIÓN:

#### UNIDADE 1

1. Comunicación e linguaxe (Unidade 1 do libro)
2. Tipoloxía textual (Unidade 2 do libro)

#### UNIDADE 2

1. **SOCIOLINGÜÍSTICA:** A variación e a diversidade lingüística (Unidade 3 do libro)
2. **GRAMÁTICA:** O substantivo e o adxectivo (Unidade 4 do libro)

#### UNIDADE 3

1. **O GALEGO ANTIGO** (Unidade 9 do libro)
2. **LITERATURA:** A literatura galega medieval (Unidades 9, 10 e 11 do libro)

### -2ª AVALIACIÓN:

#### UNIDADE 4

1. **GRAMÁTICA:** O pronome persoal (Unidade 5 do libro)
2. **DIALECTOLOXÍA:** Variedades dialectais do galego.

#### UNIDADE 5

1. **Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.**
2. **LITERATURA:** Dos Séculos Escuros ao Prerrexurdimento (Unidade 12 do libro)

#### UNIDADE 6

1. **GRAMÁTICA:** Os determinantes e outros pronomes (Unidade 6 do libro)

### -3ª AVALIACIÓN:

#### UNIDADE 7

1. **LITERATURA:** Rexurdimento, Rosalía de Castro (Unidade 13 do libro)

## UNIDADE 8

1. **GRAMÁTICA:** O verbo (Unidade 7 do libro)
2. **LITERATURA:** Curros Enríquez (Unidade 14 do libro)

## UNIDADE 9

1. **GRAMÁTICA:** O adverbio, as preposicións e as conxuncións (Unidade 8 do libro)
2. **LITERATURA:** Eduardo Pondal (Unidade 14 do libro)

**A SINTAXE:** irémola estudando en función do tempo do que dispoñamos.

## 3. MÉTODOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

a) En todas as avaliacións traballarase cos catro bloques (B1 A lingua e os seus falantes. B2 Comunicación. B3 Educación literaria. B4 Reflexión sobre a lingua) aos que van asociados uns determinados contidos, cos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación.

b) En todas as avaliacións as probas escritas computarán un 80% da cualificación.

A asistencia ás probas escritas e orais é obrigatoria. O alumno/a que non asista entregará á profesora un xustificante de asistencia ao médico na menor brevidade posible. A xustificación será aceptada se é unha cita hospitalaria ou dunha enfermidade leve. No caso de revisións non necesarias en horario escolar, ou de entrega dun simple xustificante do pai/nai ou titor legal, a profesora decidirá se realizarlle outro día a proba ou non, acolléndose a que só é obrigatoria unha proba por avaliación.

No caso de tratarse dalgún deber de carácter inexcusable, tamén se deberá achegar o xustificante institucional adecuado (realización ou renovación do DNI, asistencia a exames de escolas oficiais ou carné de conducir, citación nalgún xulgado?)

c) A lectura obrigatoria de cada trimestre e as actividades ou probas relacionadas con ela computarán un 10%.

d) O traballo diario na clase e na casa, así como os traballos creativos e a lingua oral suporán un 10% da nota. O reparto farase do seguinte xeito: 0,6% para o rendemento na aula e os traballos tanto orais como escritos, 0,4% polo emprego da lingua galega na clase.

### PUNTUALIZACIÓNS:

-A cualificación das tarefas escritas (probas de avaliación, traballos de investigación, traballos de creación, probas de lectura, comentarios de texto, etc.,) terá en conta tanto o contido (ata un 80% da nota) como a expresión (ata un 20%), que deberá ser coherente, ben cohesionada e ortograficamente correcta en consonancia co nivel de que se trate.

-A non realización de tarefas suporá a baixada de 0,1 na nota do apartado d) ata un máximo de 0,6.

-Copiar traballos ou exames implica unha nota de 0 nese traballo ou exame.

-Na corrección de exames, redaccións e traballos puntuables, por cada erro de ortografía e expresión baixarase 0,05 por falas leves e 0,10 por faltas graves. Poderase baixar ata un máximo de 2 puntos.

-Os traballos ou exames ilexibles deberán ser modificados. Para poder corrixir isto, a profesora reforzará a caligrafía do alumno/a durante o curso; se ao final non hai unha evolución positiva, este poderá suspender a materia.

-A nota mínima para aprobar cada avaliación será un CINCO (5).

-A nota mínima de cada avaliación para facer media coas outras avaliacións será CATRO (4).

-As notas medias calcularanse sempre a partir das notas numéricas reais e non das notas redondeadas en boletíns.

-Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.

#### **DEBEMOS RECORDAR:**

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

Segundo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba de 1º bacharelato lle corresponderían os 4 puntos de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

## **4. PROCEDIMENTO DE RECUPERACIÓN**

### **RECUPERACIÓN DA MATERIA**

Realizarase unha proba de recuperación por trimestre para quen teña un parcial suspenso ou toda a materia impartida nese período de tempo.

Na avaliación final de xuño, o alumnado que teña unha avaliación ou dúas suspensas cunha cualificación de 4 puntos, poderá facer media coas outras avaliacións; se ten menos de 4 puntos, deberá recuperar a avaliación correspondente ou ambas as dúas. A recuperación será só das probas escritas e manteranse as cualificacións dos demais apartados, que serán tidas en conta para a nota final.

Quen teña as tres avaliacións cunha nota inferior a 4 puntos, deberá presentarse a un exame final de toda a materia, no cal deberá acadar un CINCO (5) sobre 10 para obter o aprobado.

## RECUPERACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO

O alumnado con todas as avaliacións aprobadas realizará actividades de ampliación.

O alumnado que teña unha ou máis avaliacións suspensas realizará actividades de apoio, reforzo e recuperación relacionadas cos contidos das avaliacións non superadas. Nestes días o alumnado poderá presentarse a probas obxectivas e entregar, de ser o caso, as tarefas necesarias que lles permitan recuperar as avaliacións suspensas.

A proba extraordinaria de xuño consistirá nun único exame global de toda a materia de 1º de Bacharelato, tendo que conseguir un CINCO (5) sobre 10 para obter o aprobado.